

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO**GRUPOS: A, B****INDICACIONES XERAIS****1.- CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN****1ª Avaluación**

BLOQUE 1.- AS DESTREZAS CIENTÍFICAS BÁSICAS

UD 1.- A ciencia. Magnitudes e unidades (Transversal)

BLOQUE 2.- A MATERIA

UD 2.- Átomos y sistema periódico.**UD 3.-** Enlace químico**UD 4.-** Formulación e nomenclatura inorgánica e orgánica**2ª Avaluación**

BLOQUE 2.- A MATERIA BLOQUE 5.- O CAMBIO

UD 5.- Sistemas materiais e reacción químicas

BLOQUE 4.- A INTERACCIÓN

UD 6.- O movemento**3ª Avaluación**

BLOQUE 4.- A INTERACCIÓN

UD 7.- As forzas e os seus efectos**UD 8.-** Forzas en fluídos

BLOQUE 3.- A ENERXÍA

UD 9.- Enerxía, traballo e calor**2.- MATERIAIS**

Ordenador (alumnado e docente) e proxector.

Material de laboratorio diverso e modelos moleculares.

Materiais do Proxecto Edixgal e Unidades Didácticas elaboradas pola docente.

Recursos on-line (documentais, páxinas web con recursos, simuladores, laboratorios virtuais...)

Libros ou textos de divulgación científica.

3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas: Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación, nalgún caso cada dúas unidades didácticas traballadas, mentres que outras se avaliarán individualmente, dependendo da coherencia e dificultade dos contidos e da temporalización.

Traballo na aula: Recollida periódica e aleatoria para a súa corrección de actividades realizadas na aula e recollida periódica dos cadernos de traballo que deberán estar sempre actualizados.

Traballo fóra da aula: Supervisión das tarefas propostas para casa. Recollida de informes de prácticas ou pequenos traballos de investigación. Lectura de libros ou textos de divulgación de ciencia.

4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.1.- Cualificación por avaliación

- A nota de cada avaliación será a resultante da nota media das probas escritas do trimestre (80% da cualificación) a da nota do traballo na aula, na casa e a realización e entrega de distintas actividades propostas (20% da cualificación).
- Realizarase unha proba escrita de cada unidade didáctica ou de cada dúas (realizando de forma xeral 2 probas escritas por avaliación) consistentes en preguntas de distinto tipo: teoría, test, verdadeiro/falso, cuestións breves, problemas e interpretación de gráficas, etc. que suporán o **80% da nota final da avaliación. En cada exame será necesario obter unha nota mínima de 3,5 sobre 8** para que faga media cos outros exames e poida sumárselle á nota media destes as notas acadadas cos outros instrumentos de avaliación. Calquera parte da materia con menos nota haberá que recuperala na correspondente proba de recuperación.
- O **restante 20% da nota** corresponderase coa realización de tarefas e informes propostos para facer na clase e na casa, pola actitude cara á materia e pola lectura de libros/ textos de divulgación... repartida da seguinte forma:
 - ◆ **5% de traballo na aula**, actitude e interese pola materia, e/ou elaboración completa, coidada e ordenada do caderno de traballo
 - ◆ **5% da realización de tarefas** propostas para a casa
 - ◆ **10% da elaboración e presentación** en tempo e forma dun **informe científico ou pequeno traballo de investigación** individual ou grupal e/ou do informe das

prácticas de laboratorio realizadas e/ou pola **lectura dalgún texto de divulgación científica**, dependendo da avaliación.

- **PARA TER APROBADA UNHA AVALIACIÓN É NECESARIO ACADAR UN 5 NA CUALIFICACIÓN FINAL DESTA.**
- Toda proba escrita cunha **cualificación inferior a 3,5 sobre 8 puntos, terá que ser recuperada** ao inicio da seguinte avaliación cunha proba similar á non superada. No caso da terceira avaliación, faráa antes da celebración da mesma. Para preparala o alumnado podería ter que facer actividades de reforzo similares ás propostas durante a avaliación.
- Se a causa do suspenso é a non realización de tarefas ou dos traballos/informes/lecturas propostas, para recuperar a avaliación terá que poñer ao día o caderno de aula e entregar as tarefas (traballos, informes...) requiridas e/ou a facer a lectura proposta. Esta situación puidera darse cando tendo a nota mínima nas probas escritas, non se acadara cos outros instrumentos de avaliación a puntuación necesaria para acadar un 5 na nota final da avaliación.
- Se alguén non asistise a un exame na data fixada, terá que xustificar convenientemente a falta para poder facelo noutra nova data.
- As tarefas que o alumnado deba realizar fóra da aula deben entregarse na data indicada e en caso de non poder asistir á clase nesa data por causa xustificada, entregaranse á profesora o primeiro día que o alumn@ se incorpore á aula, sendo este o responsable de comunicar á profesora o motivo da súa ausencia e entregar o material correspondente.
- Ao finalizar o trimestre farase unha proba de recuperación na que o alumnado se examinará das partes que non tivese superado (todas aquelas probas nas que o alumno ou alumna obtivese unha nota inferior a 3,5 sobre 8). No caso da primeira e segunda avaliación, ditas probas realizaranse ó inicio da seguinte avaliación e no caso da terceira avaliación, recuperarase antes da celebración da sesión de avaliación final da materia. As notas das probas de recuperación serán as que se empreguen para o cálculo da nota final da materia.
- Para obter a cualificación final de cada avaliación aplicarase o redondeo matemático: cando o primeiro decimal sexa igual a 5 ou superior, redondearase á seguinte unidade.

4.2.- Cualificación final do curso

- A **cualificación final da materia será a resultante da media aritmética das notas** (reais, sen redondear) obtidas en cada unha das avaliacións, empregando para o cálculo destas últimas as notas das probas das recuperacións parciais ou ben da final, se fora o caso. **Para aprobar a materia é necesario ter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións.**
- Para obter a cualificación final aplicarase o redondeo matemático: cando o primeiro decimal sexa igual a 5 ou superior, redondearase á seguinte unidade.
- Todo o alumnado que non superara unha ou máis avaliacións nin as recuperacións parciais correspondentes terá que examinarse das mesmas nunha proba final. O alumnado examinarase das avaliacións que lle quedaran suspensas logo de facer a correspondente recuperación. Esta proba terá lugar nos días anteriores á avaliación final.

4.3.- Previsión de probas escritas

1ª Avaliación

1º exame parcial: UD 2

2º exame parcial: UD 3

3º exame parcial: UD 4

A UD 1, ao ser transversal, será avaliada xunto aos contidos das outras unidades e a través de tarefas de aula.

2ª Avaliación

1º exame parcial: UD 5

2º exame parcial: UD 6

3ª Avaliación

1º exame parcial: UD 7

2º exame parcial: UDs 8, 9

Cando unha unidade didáctica non se rematara de dar unha avaliación, a nota do exame correspondente formará parte da seguinte.

5.- PREVISIÓN DE PRÁCTICAS DE LABORATORIO

Intentarase realizar como mínimo unha práctica de laboratorio por avaliación sempre que a temporalización de contidos, o tamaño do grupo e a dispoñibilidade dos laboratorios o permita.

6.- PREVISIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visita ao Parque Eólico Experimental Sotavento (1ª trimestre)
- Visita aos laboratorios da Facutade de Ciencias da USC, no caso de que a universidade oferte a actividade (2º trimestre).